



## **ECONOMÍA. ECONOMÍA, EMPREND. E ACT. EMPRESARIAL** **1º BACH. 24-25**

Os contidos correspondentes a toda a materia agrúpanse nas seguintes unidades didácticas, esta materia levará 140 sesións e coa correspondente temporalización:

Unidade 1.- Os principios básicos da economía.

Unidade 2.- Factores, axentes e sistemas económicos. O fluxo circular da renda.

Unidade 3.- A produción e o crecemento económico. A eficiencia e a produtividade. Os sectores económicos.

Unidade 4.- A empresa e as súas funcións. A actividade empresarial. Produción, custos, ingresos e beneficios. Limiar de rendibilidade.

Unidade 5.- A oferta, a demanda e o equilibrio do mercado. A elasticidade-prezo da demanda.

Unidade 6.- Modelos de mercado.

Unidade 7.- O mercado de traballo e o emprego.

Unidade 8.- Os indicadores económicos.

Unidade 9.- A intervención do Estado na economía.

Unidade 10.- O equilibrio macroeconómico e os cambios na economía.

Unidade 11.- As contas públicas e a política fiscal.

Unidade 12.- O diñeiro e a política monetaria.

Unidade 13.- O sistema financeiro.

Unidade 14.- O comercio internacional e a balanza de pagamentos.

Unidade 15.- A globalización económica e a Unión Europea.

Na materia do **bacharelato xeral *Economía, emprendemento e actividade empresarial*** as unidades serán as mesmas agás as unidades 14 e 15 anteriores que se substitúen por unha derradeira Unidade 14: O emprendemento.

Tendo en conta o calendario escolar para o curso 2024-25, a temporalización prevista por trimestres de avaliación será a seguinte:

1º trimestre: Unidades 1,2,3,4 e 6.

2º trimestre: Unidades 5,7,8,9 e 10.

3º trimestre: Unidades: 11,12,13,14 e 15. Unidades 11,12, 13 e 14 no bacharelato xeral.

### **Metodoloxía, materiais e recursos didácticos.**

As clases basearanse nas explicacións da profesora dos contidos anteriormente sinalados, respondendo ás dúbidas que en todo momento plantexe o alumnado. Ao finalizar cada unidade realizarase un **cuestionario tipo test** para valorar o grao de aprendizaxe acadado polo alumnado.

Seguirase como **libro de texto**, que os alumnos terán que levar sempre a clase, custodialo e non compartilo, o seguinte:

ANDRÉS CABRERA BAUTISTA (2022): Economía. 1º de Bachillerato. Revuela. Editorial SM. (ISBN 978-84-1120-217-6)

Tamén, os alumnos e alumnas poderán utilizar como bibliografía complementaria e de apoio calquera outro libro de texto desta materia doutra editorial, así como calquera dicionario económico.

Se traballará co seguinte material didáctico ou curricular:

- Libro dixital na pizarra dixital da Aula.
- Gravacións videográficas onde se traten temas relacionados coa materia.
- Páxinas web de determinados organismos públicos, institucións ou empresas que poden proporcionar información interesante para a materia (INE, IGE, EUROSTAT, datosmacro.com, etc.).
- Libros e revistas procedentes dos fondos da biblioteca do centro
- Textos xornalísticos de actualidade seleccionados pola profesora e polo alumnado.

O elemento vehicular do desenvolvemento das clases será o **curso de Economía da Aula Virtual**, no que se irán indicando periodicamente os contidos a impartir, recursos a utilizar e actividades a realizar nas 4 horas semanais de clase.

### **Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

O procedemento a seguir para a cualificación do alumnado ten como base os seguintes instrumentos de avaliación e o seu peso na nota trimestral do alumno será o seguinte:

- ✓ **Proba escrita dos contidos tratados no trimestre 70%.**
- ✓ **Cuestionarios tipo test dos contidos tratados no trimestre 20%(serán realizados a través do curso da Aula virtual.).**
- ✓ **Traballo na aula (resolución de exercicios e problemas, caderno de clase, produción oral, individual ou por grupo, e textos escritos) 10%.**

Considérase aprobada ou superada a materia se obtén unha **cualificación de 5 ou superior.**

**Para ter superada a materia na convocatoria ordinaria de xuño é necesario superar as partes trimestrais e a cualificación final será a media aritmética desas partes.**

O alumnado que non supere algunha das avaliacións trimestrais poderá **recuperar** na proba escrita de recuperación do primeiro trimestre, tamén no segundo e na **proba escrita final** que incluírá nos primeiros días do mes de xuño todos os contidos tratados repartidos por trimestres, para calquera que chegado ese momento teña algunha parte trimestral sen acadar o mínimo de 5.

Os alumnos/as que non aproben na **convocatoria ordinaria de comezo de xuño**, posto que non acadaron o grao mínimo de consecución para superar a materia, terán que superala na **convocatoria extraordinaria a mediados de xuño cunha proba escrita referente a todos os contidos tratados ao longo de todo o curso**. Estes alumnos/as terán abertos ata ese momento todos os recursos utilizados ao longo do curso na Aula virtual. **Nesa convocatoria extraordinaria a proba escrita pesará o 100% na cualificación final.**